



“DE VOLTA EN VOLTA”

Concepto: “*De volta en volta*” é una pequena peza de teatro radiofónico coa intención de introducir aos radiooíntes nunha historia de ficción poética, onde se narra unha das viaxes que realizou “Florencio Manuel Delgado Gurriarán” dende o exilio ata a súa terra, Galicia. Durante a viaxe, Florencio encóntrase con diferentes personaxes cos que interactúa ata que nun momento desátase unha tormenta que orixinará o naufraxio do barco onde viaxan (metáfora referida á Guerra Civil). Ao remate e debido a proximidade das praias, sálvanse e poden outra vez gozar da súa terra.

Breve explicación do proceso de elaboración: O punto de partida foi a recompilación de información e lecturas sobre a vida e obra de Florencio Manuel Delgado Gurriarán. A continuación e despois dunha chuvia de ideas e posta en común inventamos a historia que queríamos contar, a nivel gráfico e sonoro. Despois da lectura repartimos os personaxes e puxémonos man á obra cos ensaios, a gravación das voces, da pandeirada “**Nenas vinde á pandeirada**” e dos efectos sonoros. Por último escollemos as músicas e realizamos a montaxe de audio.

Escaleta:

“DE VOLTA EN VOLTA”			
AUDIO	TEXTO	OBSERVACIÓNS	TEMPO
- Música mexicana - Chiar de paxaros. - Son de porta abríndose.	Neno: Florencio, Florencio, esperta que tes que coller o barco para Galicia e sae en media hora. Florencio: Ao demo que tomban avións!	Florencio esperta no exilio (México) co chiar dos paxaros e grazas a un neno que vive na mesma pensión.	19”
- Música mexicana - Chiar de paxaros. Sons de caixón, pasos, respiración axitada. Son de porta pechando.		Florencio recolle a toda presa a súa equipaxe e sae pitando.	25”
- Música mexicana	Amiga1: Ai Farrucón, Farruquín,	Florencio sae cara o barco e	41”



- Son de ambiente de rúa e barullo. - Sons de pasos. - Bucina de barco.	Farruquiño. Como ficaches tan pequeniño? Florencio: Fiquei pequeniño porque non medrei, máis, sendo cativo a moi alto cheguei.	encóntrase cunha amiga.	
- Música mexicana - Sons de persoas, barullo. - Sons de pasos.	Florencio: Desculpa, viches á capitana: Persoa1: Non, síntoo. Florencio: Sabe onde podo encontrar á capitana? Persoa2: Non, non sei. Florencio: Sabe onde podo encontrar á capitana? Persoa3: Non sei, pero seguro que está na sala de máquinas.	Florencio xa dentro do barco vai preguntando onde pode encontrar á capitana.	1'02"
- Música misteriosa. - Sons de pasos. - Sons de motores.	Florencio: Capitana, capitana! Onte, as augas escumantes dos regueiriños brañegos bailaban a muiñeira para engado dos penedos. Capitana: Ola, amigo Florencio. Hoxe, con ritmo go-go danzan en canles estreitas e van, por irtus aramios, a darlle forza aos alleos. Que teña boa viaxe e desfrute da paisaxe.	Florencio baixa á sala de máquinas e encontra á capitana, unha vella amiga súa.	1'32"
- Pandeirada "Nenas vinde á pandeirada". - Sons de pasos. - Sons de persoas.	"Nenas vinde á pandeirada que sinto no peito o adufe do meu desexo rapazas nenas vinde á pandeirada" Florencio: Ola Antón, alégrome de verte. Pronto chegaremos a nosa terra, a Galicia, onde nos tellados, a choiva, canta un cante teimoso pró corazón saudoso. Antón: Ola Florencio, un home enteiro, un galego cabal, rexo e	Xa de volta a cuberta do barco (escóitase unha pandeirada interpretada polos viaxeiros que teñen morriña da súa terra, gravada poloxs alumnxs, os mestres participantes e a coidadora do centro) Florencio encóntrase co seu amigo Antón.	2'08"



	dereito, que decote sabía dar o peito levado do seu pulo xusticieiro. Doce canto o da choiva Florencio. Xa non queda nada para volver sentir esas emocións, ese aroma tan profundo.		
- Son de vento, ondas, tormenta, choiva... - Música de tensión. - Sons de gritos e desesperación.	Persoa4: Aos botes que o barco afúndese. Persoa5: Collede os remos. Persoa6: Olvidade a equipaxe, o importante son as nosas vidas. Florencio: E quixo oporse por amor á Terra, aos verdugos da nosa liberdade e, cun fato de irmáns, fíxolles guerra. Os eidos defendeu coa súa xente e, ao consumarse o triunfo da ruindade, por Galiza morreu coma un valente.	Desátase unha tempestade que provoca o afundimento do barco (naufraxio).	2'54''
- Música de solemnidade. - Sons da praia, do mar en calma, de gaivotas.	Florencio e un grupo de náufragos: A metade asolagada e a metade con piñeiros, na Galiza de arestora onde vivimos os galegos.	Os náufragos chegan a unha praia en calma, máis concretamente a praia de Samil (Vigo), onde espertan do seu pesadelo na súa terra, Galicia.	3'31''